

XXX

Reclamante: XXX

Expediente. Nº **RSCTG 75/2023****ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por XXX, mediante escrito do 15 de marzo de 2023, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 30 de maio de 2023, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 15 de marzo de 2023, unha reclamación fronte á desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude presentada perante o Concello de Vigo con data 6 de febreiro de 2023, na que interesaba o acceso e copia de toda a documentación presentada pola mercantil SCI SC INTEGRAL SL como adxudicataria do contrato de comprobación, revisión e actualización do IMBD, relativa ao viario de titularidade municipal correspondente á parroquia de Lavadores.

XXX indica que solicitado o acceso á documentación presentada no ano 2014 pola mercantil SCI relativa ao viario da parroquia de Lavadores a fin de poder realizar alegacións respecto do novo inventario municipal de bienes (IMBD) aprobado no Pleno municipal do 25 de xaneiro de 2023, non se deu contestación algunha, vulnerando o seu dereito para formular alegacións a este IMB con todas as garantías e sen sufrir indefensión.

Segundo. Con data do 20 de marzo de 2023 déuselle traslado da documentación achegada pola reclamante ao Concello de Vigo para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 11 de abril de 2023 o Concello de Vigo contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que a solicitude da interesada trae causa da aprobación inicial (acordo de pleno de data 25.01.2023) e posterior trámite de exposición pública (BOP de Pontevedra de data 14.02.2023) da rectificación e actualización do Inventario Municipal de Bens e Dereitos. De acordo co informe do 30 de marzo de 2023 de 2023 á area de Xestión Patrimonial e Territorial con data do 2 de marzo de 2023, a interesada concertou unha cita para consulta técnica do inventario en relación ós viaís ascendentes e descendentes da XXX e consulta en relación á rúa XXX, resolta de forma satisfactoria segundo manifesta o delineante municipal que lle ten facilitado a información solicitada. Posteriormente, o 7 de marzo de 2023, tiña outra cita para consulta técnica á que non se presentou.

Con data do 23 de marzo de 2023, se lle deu acceso ao contido integro do expediente administrativo XXX, tendo en conta que o expediente refírese á rectificación do Inventario municipal de ben e dereitos en relación á rúa XXX de Vigo.

Ata o 15 de marzo de 2023, o documento de aprobación inicial a rectificación e actualización do IMBD, publicado no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra o 14 de febreiro de 2023, estivo exposto, durante o prazo regulamentario, a información pública.

Con data do 14 de marzo de 2023 a interesada presentou escrito de alegacións ao mesmo, que se atopa no momento de emisión do informe, pendente de resolución.

Con data do 4 de abril de 2023, a información solicitada pola reclamante foille facilitada en comparecencia persoal, información que foi accesible durante todo o período de exposición ao público do expediente a través dos mapas interactivos habilitados ou a través dos documentos en formato pdf.

Cuarto.- Con data do 13 de abril de 2023, a reclamante presenta escrito no que manifesta que notificóuselle resolución denegatoria de acceso á información pública sobre a reclamación formulada no seu día esa Comisión, dado o transcurso do prazo previsto na Lei de Transparencia sen que se dera contestación algunha.

Respecto á resolución municipal notificada, indica que presentou escrito de alegacións e que non é certo que se lle dera acceso á documental obxecto de solicitude, nin a través de comparecencia persoal, nin a través da páxina web do Concello tal e como se afirma na resolución municipal, e remite copia dunha sentenza ditada no seu día polo Xulgado do Contencioso Administrativo en relación á solicitude de acceso da mesma documentación agora solicitada por segunda vez unha vez comprobada esta documentación e aprobado o inventario do Concello tal e como así se resolveu na sentenza.

Quinto.- Con data do 17 de abril de 2023, remitíuselle ao Concello de Vigo o escrito de alegacións presentado pola interesada, para que polo Concello se remitise informe sobre as mesmas.

Con data do 4 de maio de 2023, o Concello remite informe no que reitera que con data do 2 de marzo de 2023 se lle deu acceso ao inventario (expediente XXX), en relación ós viaís ascendentes e descendentes da XXX e consulta en relación á rúa XXX, e que o 7 de marzo de 2023 tiña outra cita para consulta técnica á que non se presentou. Con data do 16 de marzo de 2023, se lle deu acceso ó contido integro do expediente administrativo XXX, de rectificación do Inventario municipal de ben e dereitos en relación á rúa XXX de Vigo, expediente que estivo exposto ata o 15 de marzo de 2023 que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia.

Con data do 4 de abril de 2023, por Resolución da Concelleira delegada da área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal declarouse que a información solicitada pola interesada foille facilitada en comparecencia persoal nesa data, información que é accesible durante todo o período de exposición ao público do expediente a través dos mapas interactivos habilitados o a través dos documentos en formato pdf.

Respecto das alegacións presentadas, a Área de Xestión patrimonial e Territorial emite novo informe no que sinala que se reitera no informe do 30 de marzo de 2023 no que resulta evidente á vista do recurso presentado que a cidadá tivo acceso ao IMBD, polo que falta á verdade de forma reiterada, sen que a sentenza aportada teña nada que ver co expediente de información pública.

Así mesmo, indica que de acordo coa Disposición Adicional Primeira 1 da Lei 19/2013, a normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo será a aplicable ao acceso por parte de quen teña a condición de interesados nun procedemento administrativo en curso aos documentos que se integren no mesmo e a solicitante, ostenta a condición de interesada no expediente de rectificación do inventario, e o procedemento de rectificación e actualización do Inventario Municipal de Bens e Dereitos aprobado polo Pleno da Corporación en data 25 de xaneiro de 2023 se atopa en tramitación en tanto que trala aprobación inicial e período de exposición ao público está pendente a resolución das alegacións e aprobación definitiva do documento.

As alegacións presentadas e solicitudes presentadas en calidade de interesada resolveranse no procedemento de rectificación e actualización do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, actualmente en tramitación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as

persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Se ben neste caso non se pode considerar que a interesada presentou a reclamación contra a desestimación por silencio administrativo como pretende, dado que con data do 2 de marzo de 2023, compareceu no concello e se lle deu aceso ao expediente, ao terse interposta a reclamación con data do 15 do mesmo mes, debe admitirse por estar presentada en prazo .

Quinto.- Análise do expediente

A interesada solicitou acceso á documentación correspondente ao expediente de comprobación, revisión e actualización do Inventario Municipal de Bens e Dereitos (IMBD), relativa ao viario de titularidade municipal correspondente á parroquia de Lavadores.

De acordo co informe emitido polo Concello, o expediente de comprobación, revisión e actualización do Inventario Municipal de Bens e Dereitos no que a solicitante ten a condición de interesada de acordo coa normativa de procedemento administrativo, é un procedemento que se atopa en curso.

Neste sentido, tal e como se manifestou por esta Comisión en anteriores pronunciamentos sobre a materia que agora nos ocupa, cabe lembrar que, aínda que a teor do seu artigo 13 en relación co artigo 12, a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno reconece o dereito dos cidadáns para acceder a información pública en mans dos organismos e entidades incluídos no seu ámbito de aplicación -artigo 2-, non é menos certo que dita norma indica na súa Disposición adicional primeira, parágrafo primeiro, que a normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo será a aplicable ao acceso por parte de quen teña a condición de interesados nun procedemento administrativo en curso aos documentos que se integren no mesmo.

Respecto á aplicación da dita Disposición Adicional, deben cumprirse unha serie de requisitos para que poida apreciarse a súa concorrencia como un motivo de inadmisión: primeiro, debe existir un específico procedemento administrativo aplicable ao caso, segundo, a reclamante debe ser interesada no mesmo e terceiro, o procedemento debe estar en curso. Analizando estes requisitos na actual reclamación, debe concluírse que, na data na que se realiza a solicitude, concorren no caso que nos ocupa, xa que a reclamante ten a condición de interesada, como reconece o Concello, e o expediente está en curso, polo que procede a inadmisión da reclamación, ao deber rexerse o acceso á tramitación do expediente, polas normas que rexen o procedemento de aprobación do inventario municipal.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por Dña. Margarita Lorenzo González fronte á desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude presentada perante o Concello de Vigo con data 6 de febreiro de 2023, na que interesaba o acceso e copia de toda a documentación presentada pola mercantil SCI SC INTEGRAL SL como adxudicataria do contrato de comprobación, revisión e actualización do IMBD, relativa ao viario de titularidade municipal correspondente á parroquia de Lavadores.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no



artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.